

ACTA XXI ASEMBLEA XERAL DE MAREA PONTEVEDRA, PONTEVEDRA, MÉRCORES 13 DE DECEMBRO. Sendo as 20,10 horas da comezo a XXI Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da XX asemblea.
2. Sentido do voto de Marea Pontevedra no pleno dos Orzamentos Municipais 2018.
3. Celebración de primarias para a elección de cabeza de lista de Marea Pontevedra nas municipais de 2019.
4. Varios (se houbese)

1. Aprobación da acta da XX asemblea.

Vótase a aprobación co seguinte resultado:

Votos a favor: 13

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que queda aprobada

2. Sentido do voto de Marea Pontevedra no pleno dos Orzamentos Municipais 2018.

Expón Luís Rei como está a situación diante deste pleno sobre os Orzamentos Municipais. Di que o xeito de influír nos Orzamentos é mediante negociación, e esta tivo dúas fases ás que se lle quería dar igual importancia. Unha primeira de carácter social, que foi ben xa que o BNG aceptou a Renda Social Municipal, o Plan de Emprego Xuvenil e a inclusión de Pontevedra no Transporte Metropolitano de Galiza. Na segunda fase centrouse o tema en demandas máis pequenas pero máis numerosas, moitas delas provintes de asociacións veciñais ou colectivos sociais, e foi cando o PSOE anunciou a súa abstención, o que fixo que as nosas pretensións foran menores. Aínda así acordáronse partidas para a melloras de barrios coma O Castañal, San Roque, Monteporreiro, Mollavao; tamén para obras nas parroquias, así coma iniciativas de Pedaladas e Libera; destacar por último a adquisición nun terreo nos Praceres para a construción dun local social. Facendo balance, Luís ve moi positivo os avances logrados no social, máis na outra banda están as ditancias insalvábeis co BNG como por exemplo a remunicipalización, as touradas, a xestión do Pazo da Cultura e de Turismo de Pontevedra. Por estes motivos propón que Marea Pontevedra se absteña no pleno, facilitando así os Orzamentos.

José Luís Vidal pregunta que vai exactamente na partida de transporte público. Contesta Luís que a adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano de Galiza, que asegura a conectividade, así coma a gratuidade para os menores de 18 anos.

Vótase a proposta do voceiro municipal de absternos no pleno municipal, facilitando os orzamentos do equipo de goberno co seguinte resultado:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

Polo que queda aprobada.

3. Celebración de primarias para a elección de cabeza de lista de Marea Pontevedra nas municipais de 2019.

Despois de que Jaime Acuña faga un breve repaso do vixente Regulamento de Primarias de Marea Pontevedra, utilizado para as anteriores eleccións e que está pendurado na páxina web ao acceso de todas, Peque González traslada a proposta da Coordinadora, que é convocar as primarias a cabeza de lista no primeiro trimestre de 2018 e do resto da lista no último do mesmo ano, así coma nomear a Comisión Electoral que dirixa o proceso seguindo o Regulamento.

Debátese a idoneidade de que sexan dúas comisións electorais (unha para as primarias a cabeza de lista no primeiro trimestre e outra para o resto no cuarto) ou unha soa, xa que o Regulamento é ambiguo nese aspecto, consensuándose facer só unha xa que é o mesmo proceso electoral.

Vótase a proposta da Coordinadora de Marea Pontevedra de convocar as primarias a cabeza de lista no primeiro trimestre de 2018, e do resto da lista no último trimestre do mesmo ano para as eleccións municipais de 2019 co seguinte resultado:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

Polo que queda aprobada.

Pídese entre os asistentes á asemblea voluntarias para formar a Comisión Electoral, á que se presentan Xoán Hermida, Bibiana Piñeiro e Toño Ramírez, tamén Esperanza Torres coma suplente.

Vótase a proposta da creación da Comisión Electoral formada polas persoas que se presentaron voluntarias co seguinte resultado:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

Polo que queda aprobada.

4. Varios

Anxo Serén informa de que o venres 15 de decembro se fará a cea de Nadal da Marea e que o xoves 21 de decembro se seguirán os resultados electorais dos comicios cataláns desde a sede, animando aos presentes a participar de ambos actos.

Levántase a sesión ás 21:23h

Asina: Miguel Anxo Serén García, Secretario de Marea Pontevedra.